

Asunto: Información relativa aos chamamentos das listas de contratación vinculadas ao SPIF – 21 de abril de 2026.

Unha vez realizadas as probas correspondentes e incorporados os resultados ás listas de contratación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, infórmase do seguinte:

Nos próximos días comezarán os chamamentos das listas vinculadas ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais nas que, segundo os datos dispoñibles, vostede figura como persoa admitida nalgunha delas.

A este respecto, comunícaselle que, no caso de resultar vostede seleccionada/o, será requisito imprescindible para a súa incorporación ao posto de traballo a achega dun **certificado médico oficial**, no que se acredite que non padece enfermidade nin está afectada/o por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes á/s escalas nas que está inscrito (indicando expresamente o nome da escala).

Co fin de que a incorporación poida producirse coa maior axilidade posible, infórmase desta circunstancia para que poida tramitar con antelación a expedición do citado certificado, o cal terá unha validez de sete meses desde a súa emisión, para os efectos de incorporación aos postos do SPIF.

O certificado deberá estar emitido e asinado por persoal médico colexiado en exercicio.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo da restante documentación que, de ser o caso, será requirida pola unidade de persoal competente no momento da incorporación, para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos necesarios para o seu nomeamento.

Santiago de Compostela 21 de abril de 2026

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural

